

## **PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Logo de ver a proposta de bases de data 25 de xaneiro de 2017 do Concurso de disfraces do Entroido 2017 cos anexos normalizados de inscrición, autorización de cobramento, así como a proposta de modelo de acta da reunión do xurado, realizada pola Concelleira de Cultura, Deportes e Normalización Lingüística do Concello de Melide, María Dolores Gómez Neira,

Logo de ver a Providencia da Alcaldía do 1 de febreiro de 2017 así como o informe de Intervención de referencia 11/2017, de igual data, , no que se di que existe consignación orzamentaria no orzamento de 2017 (actualmente o prorrogado do exercicio 2016) para facer fronte aos premios sinalados nos antecedentes por importe total de 2.650,00 euros na aplicación orzamentaria 334.48100, para o que se realizou a oportuna retención de crédito coa referencia 220170000003, debendo terse en conta a atribución competencial derivada da lei 27/2013 de racionalización e sostenibilidade da administración local, e no que se conclúe que se emite informe favorable coas observacións anteditas respecto da atribución competencial sinalada para a realización do concurso de disfraces do Entroido 2017.

### **PROPONSE:**

Que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar as BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2017 do Concello de Melide e os anexos normalizados de inscrición, autorización de cobramento, así como a proposta de modelo de acta da reunión do xurado, que a continuación se reproducen:

#### ***“BASES DO CONCURSO DE DISFRACES- ENTROIDO 2017***

*A Concellaría de Cultura e Deportes do Concello de Melide, a través do seu Departamento de Cultura, convoca o concurso de disfraces de Entroido que terá lugar neste municipio o martes, 28 de febrero, enmarcado na programación cultural do Entroido 2017.*

#### ***INSCRICIÓN E PARTICIPACIÓN:***

*LUGAR E PRAZO: Poderán participar todas aquelas persoas que realicen a súa inscrición no Departamento de Cultura do Concello de Melide segundo ficha normalizada até ás 14.00 h do día 28 de febrero do 2016. Tamén poderán inscribirse antes do inicio do concurso, no Cantón de San Roque ou no caso de choiva no pazo de congresos e exposicións en horario de 16.30 a 17.00 h.*

*MÚSICA: Os participantes no concurso deberán entregar no momento da inscrición a música en formato CD ou memoria USB con indicación do nome do tema e o seu autor/a.*

*Os que se inscriban no mesmo día do concurso non poderán escoller a música para o pase polo escenario.*

*TEMPO DE DESFILE: O desfile polo escenario durará como máximo 5 minutos para comparsas, 2 minutos para grupos e 1 minuto para os individuais.*

*ITINERARIO:*

*16:30: Recepción de participantes (cantón de San Roque)*

*17:30: Desfile (saída do cantón de San Roque)*

*18:30: Concurso de disfraces (pazo de congresos)*

*No caso de choiva*

*17:30: Recepción de participantes (pazo de congresos)*

*18:30: Concurso de disfraces (pazo de congresos)*

### ***PREMIO POR CATEGORÍAS***

*COMPARSAS (+8 persoas)*

*-1º. Premio: 1.000 €*

*-2º. Premio: 700 €*

*GRUPOS (3-8 persoas)*

*-1º. Premio: 400 €*

*-2º. Premio: 300 €*

*INDIVIDUAIS E PARELLAS:*

*-1º. Premio: 150 €*

*-2º. Premio: 100 €*

*(Os menores de idade non poderán participar nesta categoría se non emparellados con un adulto)*

*O pago dos premios farase de forma individual de maneira que cada participante deberá presentar fotocopia do DNI e xustificante do número de conta con indicación do IBAN.*

*No caso de presentarse como asociación, esta deberá presentar acta da xunta directiva, fotocopia do CIF e conta bancaria con indicación de IBAN.*

*Ás contías de cada premio aplicaráselles a retención fiscal correspondente.*

*No caso de ser menor de idade, o pago do premio efectuarase ao seu titor/a legal.*

## ***XURADO E CRITERIOS DE SELECCIÓN***

*O xurado será nomeado por Decreto da Alcaldía e estará formado por membros de diversas asociacións e entidades deste Concello, ou persoas vinculadas ao mundo da cultura e tradicións.*

*A decisión do xurado realizarase ao remate do concurso. Este terá liberdade de criterio para establecer as súas cualificacións en cada unha das categorías mais deberá prestar atención a cuestión como: número de membros, orixinalidade dos disfraces, vestuario e maquillaxe, coreografía e música, traballo feito a man e posta en escea.*

*A resolución será inapelábel e os premios poderanse declarar desertos se o xurado o considera oportuno.*

*A decisión do xurado será plasmada nunha acta redactada para tal efecto con indicación dos gañadores e dos seus datos por cada modalidade.*

*A decisión do xurado deberá ratificarse por Decreto da Alcaldía, órgano competente para o recoñecemento das obrigas que se deriven para o Concello.*

## ***ANEXOS:***

- 1. SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2017.***
- 2. AUTORIZACIÓN DE COBRAMENTO DO PREMIO ADQUIRIDO NO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2017 DO CONCELLO DE MELIDE.***
- 3. ANEXO 3: MODELO DE ACTA DA REUNIÓN DO XURADO.***